



CLUB TRIATLÓN VILALBA

FEGATRI  
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN  
E PENTATLÓN MODERNO

XUNTA  
DE GALICIA

DEPORTE  
GALEGO

## II DUATLÓN ESCOLAR CONCELLO DE VILALBA CLASIFICATORIA PROVINCIA DE LUGO-XOGADE

### REGULAMENTO

#### Organiza:

Club Tríatlón Vilalba  
Persoa de contacto: Marta Álvarez Álvarez  
Teléfono: 661873328  
E-mail: triatlónvilalba@gmail.com

Federación Galega de Tríatlón e Péntatlón Moderno

#### Patrocina e promove:

Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia

#### Colaboran:

Concello de Vilalba  
Deputación de Lugo

#### Datos da proba:

Proba Clasificatoria para a Final Provincial de Dúatlón Escolar de Lugo. Dirixida a deportistas inscritos e inscritas no programa XOGADE, na actividade deportiva escolar de Dúatlón da provincia de Lugo, das categorías benxamín, alevín e infantil e cadete.

A inscrición no programa pode realizarse a través da web <https://inscripcion-xogade.xunta.gal/dashboard>

A proba rexerase segundo as normativas vixentes do [Regulamento de Actividade deportiva en idade escolar](#) que edita a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e as normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlón e P.M. e da Federación Española de Tríatlón. <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

#### Saída, transición e meta:

Aparcamento da Estación de Autobuses ( [Rúa Lois Peña Novo, 4, 27800 Vilalba, Lugo](#))



CLUB TRIATLÓN VILALBA

FEGATRI  
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN  
E PENTATLÓN MODERNO

XUNTA  
DE GALICIA

DEPORTE  
GALEGO

### Recollida de dorsais:

A través do Técnico/Delegado do Club.

A partir das 10:00 h. h. Na carpa de organización ata 20' antes de cada saída.

### Datas e horarios das carreiras:

Domingo, 11 de febreiro de 2024

	CARREIRA 1	BICI	CARREIRA 2	CÁMARA Chamada	HORA
BENXAMÍN (2015-2016)	400m	2000m	200m	10:50	11:00
ALEVÍN (2013-2014)	800m	4000m	400m	11:20	11:30
INFANTIL (2011-2012)	1200m	6000m	600m	11:50	12:00
CADETE (2009-2010)	2000m	8000m	1000m	12:20	12:30

***OS HORARIOS PODERÁN SUFRIR VARIACIÓNS EN FUNCIÓN DA INSCRIPCIÓN NA PROBA SE HOUBESE QUE DIVIDIR SAÍDAS***

### Inscripcións:

Inscripción gratuíta. (Só deportistas de alta no programa Xogade na actividade deportiva escolar de dúatlon, na provincia de Lugo).

**Ata o martes 6 de febreiro** de 2024. Enviar folla de inscrición (Excel anexo) ao correo electrónico: [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com) con copia a [deportes.lugo@xunta.gal](mailto:deportes.lugo@xunta.gal) **ata as 14:00 horas.**

### Procedemento Control de Material

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados, levando xa todos os dorsais colocados (corpo/bici /casco) e o casco posto e abrochado.

### Cronometraxe Manual

O dorsal deberá ir á fronte, totalmente visible, collido polas catro esquinas, con calquera medio de suxeición que o garanta.

### Saída

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, os oficiais e persoal de organización indicarán cando deben porse na liña de pre-saída .



**CLUB TRIATLÓN VILALBA**

**FEGATRIB**  
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN  
E PENTATLÓN MODERNO

 **XUNTA  
DE GALICIA**

 **DEPORTE  
GALEGO**

### **Chegada a Meta**

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta onde se lles entregará o avituallamento, continuarán o camiño para saír da zona de post-meta e irán recoller a bicicleta para abandonar a zona.

### **Premios**

Medallas aos/ás tres primeiros/as da clasificación individual en cada categoría e sexo.

### **CONSIDERACIÓNS**

A zona de TRANSICIÓN será de acceso exclusivo de participantes e organización. Así como adestradores/as acreditados/as cando non haxa competición.

As persoas acompañantes non poderán ocupar a zona dos circuitos.